

AVISO OFICIAL

NUMERACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS

A evolución do brote da enfermidade coñecida como COVID-19 (coronavirus) obrigou á aprobación e publicación do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67 do 14 de marzo), polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria a que deu lugar.

Dita norma na súa disposición adicional terceira suspendeu termos e interrompiu os prazos para a tramitación de procedementos administrativos das entidades do sector público sinalándose que o cómputo dos prazos se reanudarían no momento en que perda vixencia o citado R.D. ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Por esta Alcaldía ditouse o Decreto Número: 2020-0132 con data 15/03/2020, polo que se establecían medidas relativas ao persoal e servizos municipais en relación coa crise sanitaria sinalada.

No momento actual publicouse no BOE diferente normativa pola que se flexibilizan determinadas restricións sociais e administrativas e se reempre polas distintas administracións públicas a volta ao traballo presencial dos seus empregados.

En relación cos traballos de **renumeración de edificios e vivendas no termo municipal** que se viñan desenvolvendo dende o primeiro de xaneiro do presente ano e que prevía concluírse en data 30 de xuño **ante a incorporación as funcións e traballos habituais neste Concello que obriga á adopción de medidas de protección e outras para atención ao público e co obxecto de poder prestar o mellor servizo á cidadanía de Ribadeo e facilitar este trámite**

FAISE PÚBLICO que poderá realizarse de xeito persoal, con cita previa, a partir do 17 de agosto e ata o 31 de decembro de 2020.

***Ata a data sinalada (31/12/2020) manteranse as dúas numeracións** para que se podan realizar as adaptacións procedentes, causando os mínimos prexuízos aos veciños e tratando de evitar devolucións de correspondencia.

*** É moi importante colocar na fachada do inmovible o novo número asignado, a partir de 1 de xaneiro de 2020.**

*** Os veciños deberán ao longo do período estipulado de transición (ata o 31/12/2020) ir cambiando a numeración ante os organismos e/ou empresas coas que teñan relación. O Concello realizará, en todo caso, o cambio a partir desa data ante os servizos de Catastro de Lugo.**

Dende esta Alcaldía rógase a máxima colaboración, tanto aos axentes implicados como aos propios veciños.

O que se fai público en Ribadeo a 25 de maio de 2020

Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA
ALCALDE,
(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

